

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27012036	Gregorio Fernández	Sarria	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
FME	Fabricación mecánica	CMFME01	Mecanizado	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0008	Formación e orientación laboral	2023/2024	4	107	128
MP0008_12	Prevenición de riscos laborais	2023/2024	4	45	54
MP0008_22	Equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social, e procura de emprego	2023/2024	4	62	74

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	NURIA VÁZQUEZ FRAGA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Este módulo profesional contén a formación necesaria para que o alumno ou alumna se poidan inserir laboralmente e desenvolver a súa carreira profesional no sector de mecanizado industrial.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os seguintes obxectivos xerais do ciclo formativo:

- i) Analizar e describir os procedementos de calidade e de prevención de riscos laborais e ambientais, e sinalar as accións para realizar nos casos definidos, para actuar consonte as normas estandarizadas.
- k) Identificar e valorar as oportunidades de aprendizaxe e emprego, analizando as ofertas e as demandas do mercado laboral para xestionar a propia carreira profesional.
- m) Recoñecer os dereitos e deberes como axente activo da sociedade, analizando o marco legal que regula as condicións sociais e laborais para participar na cidadanía democrática.

Do mesmo xeito tamén contribúe ao logro das competencias do título:

- j) Cumprir os obxectivos da produción, colaborando co equipo de traballo e actuando conforme os principios de responsabilidade e tolerancia.
- k) Exercer os dereitos e cumprir as obrigas que se derivan das relacións laborais, consonte o establecido na lexislación.
- n) Participar na vida económica, social e cultural cunha actitude crítica e de responsabilidade.

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo han versar sobre:

- Manexo das fontes de información para a elaboración de itinerarios formativo-profesionalizadores, en especial no referente ao sector de mecanizado industrial.
 - Posta en práctica de técnicas activas de procura de emprego:
 - Realización de probas de orientación e dinámicas sobre as propias aspiracións, competencias e capacidades.
 - Manexo de fontes de información, incluídos os recursos da internet para a procura de emprego.
 - Preparación e realización de cartas de presentación e currículos (potenciarase o emprego doutros idiomas oficiais na Unión Europea no manexo de información e elaboración do currículo Europass).
 - Familiarización coas probas de selección de persoal, en particular a entrevista de traballo.
 - Identificación de ofertas de emprego público ás que se pode acceder en función da titulación, e resposta á súa convocatoria.
 - Formación de equipos na aula para a realización de actividades mediante o emprego de técnicas de traballo en equipo.
 - Estudo das condicións de traballo do sector de mecanizado industrial a través do manexo da normativa laboral, dos contratos máis comunmente utilizados e do convenio colectivo de aplicación no sector de mecanizado industrial.
 - Superación de calquera forma de discriminación no acceso ao emprego e no desenvolvemento profesional.
 - Análise da normativa de prevención de riscos laborais que lle permita a avaliación dos riscos derivados das actividades desenvolvidas no sector produtivo, así como a colaboración na definición dun plan de prevención para a empresa e das medidas necesarias para a súa posta en práctica.
- O correcto desenvolvemento deste módulo esixe a disposición de medios informáticos e que polo menos dúas sesións de traballo sexan consecutivas.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	A prevención de riscos laborais	Conceptos básicos sobre a seguridade e saúde no traballo e valoración das principais obrigas e dereitos en materia preventiva.	9	7
2	A avaliación de riscos profesionais	Análise das situacións de risco máis habituais no sector.	17	13
3	O plan de prevención	Valoración dun plan de prevención e das distintas modalidades de organización da prevención nunha empresa do sector.	19	15
4	As medidas de prevención e de protección	Identificación e aplicación das distintas medidas de prevención e protección e protocolo de actuación ante unha emerxencia.	9	7
5	O traballo en equipo	Análise do traballo en equipo e valoración da súa eficiencia e eficacia no ámbito laboral.	3	2
6	A relación laboral e o contrato de traballo	Características dunha relación laboral e análise das distintas modalidades de contratación.	10	8
7	As principais condicións de traballo: o tempo de traballo e a súa retribución	Análise das normas laborais reguladoras do tempo de traballo e das retribucións.	10	8
8	A representación dos traballadores e a negociación colectiva	Vías de representación dos traballadores e análise das condicións laborais a partir dun convenio colectivo do sector.	10	8
9	A modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo	Causas e efectos derivados da modificación, suspensión ou extinción dunha relación laboral.	15	12
10	A Seguridade Social	Acción protectora do sistema público da Seguridade Social e principais prestacións.	16	13
11	A procura de emprego	Elaboración dun itinerario profesional, busca de oportunidades de emprego e formación e manexo das principais técnicas de busca de emprego.	10	7

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	A prevención de riscos laborais	9

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e a saúde laboral.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Relacionáronse as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora.
CA1.2 Distinguíronse os principios da acción preventiva que garanten o dereito á seguridade e á saúde das persoas traballadoras.
CA1.3 Apreciouse a importancia da información e da formación como medio para a eliminación ou a redución dos riscos laborais.
CA1.4 Comprendéronse as actuacións axeitadas ante situacións de emerxencia e risco laboral grave e inminente.
CA1.5 Valoráronse as medidas de protección específicas de persoas traballadoras sensibles a determinados riscos, así como as de protección da maternidade e a lactación, e de menores.
CA1.6 Analizáronse os dereitos á vixilancia e protección da saúde no sector de mecanizado industrial.
CA1.7 Asumiuse a necesidade de cumprir as obrigas das persoas traballadoras en materia de prevención de riscos laborais.

4.1.e) Contidos

Contidos
Relación entre traballo e saúde. Influencia das condicións de traballo sobre a saúde.
Conceptos básicos de seguridade e saúde laboral.
Principios da acción preventiva(CA1.2).
Análise dos dereitos e das obrigas das persoas traballadoras e empresarias en prevención de riscos laborais.
Vixilancia da saúde dos traballadores(CA1.6)
Importancia da información e formación como medio para a eliminación ou a redución dos riscos laborais(CA1.3)
Dereitos dos traballadores ante situacións de risco grave e inminente (CA1.4)
Obrigas dos traballadores en prevención de riscos laborais(CA1.7)
Actuación responsable no desenvolvemento do traballo para evitar as situacións de risco no seu contorno laboral.
Protección de persoas traballadoras especialmente sensibles a determinados riscos.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	A avaliación de riscos profesionais	17

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Avalía as situacións de risco derivadas da súa actividade profesional analizando as condicións de traballo e os factores de risco máis habituais do sector de mecanizado industrial.	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Determináronse as condicións de traballo con significación para a prevención nos contornos de traballo relacionados co perfil profesional de técnico en mecanizado.
CA2.2 Clasifícanse os factores de risco na actividade e os danos derivados deles.
CA2.3 Clasifícanse e describíronse os tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais, relacionados co perfil profesional de técnico en mecanizado.
CA2.4 Identifícanse as situacións de risco máis habituais nos contornos de traballo das persoas coa titulación de técnico en mecanizado.
CA2.5 Levouse a cabo a avaliación de riscos nun contorno de traballo, real ou simulado, relacionado co sector de actividade do título.

4.2.e) Contidos

Contidos
<p>Análise de factores de risco ligados a condicións de seguridade, ambientais, ergonómicas e psicosociais.</p> <p>Determinación dos danos á saúde da persoa traballadora que se poden derivar das condicións de traballo e dos factores de risco detectados.</p> <p>Riscos específicos no sector de mecanizado industrial en función das probables consecuencias, do tempo de exposición e dos factores de risco implicados.</p> <p>Avaliación dos riscos atopados en situacións potenciais de traballo no sector de mecanizado industrial.</p> <p>Concepto de avaliación de riscos.</p> <p>Fases da avaliación de riscos.</p> <p>Selección de métodos de avaliación: Matriz de avaliación e xestión de riscos e outros.</p>

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	O plan de prevención	19

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Valorouse a importancia dos hábitos preventivos en todos os ámbitos e en todas as actividades da empresa.
CA3.2 Clasifícaronse os xeitos de organización da prevención na empresa en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais.
CA3.3 Determináronse os xeitos de representación das persoas traballadoras na empresa en materia de prevención de riscos.
CA3.4 Identifícaronse os organismos públicos relacionados coa prevención de riscos laborais.
CA3.5 Valorouse a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emerxencia.
CA3.6 Estableceuse o ámbito dunha prevención integrada nas actividades da empresa, e determináronse as responsabilidades e as funcións de cadaquén.
CA3.7 Definiuse o contido do plan de prevención nun centro de traballo relacionado co sector profesional da titulación de técnico en mecanizado.
CA3.8 Proxectouse un plan de emerxencia e evacuación para nunha pequena ou mediana empresa do sector de actividade do título.

4.3.e) Contidos

Contidos
Xestión da prevención na empresa: funcións e responsabilidades.
Órganos de representación e participación das persoas traballadoras en prevención de riscos laborais.
Organismos estatais e autonómicos relacionados coa prevención de riscos.
Planificación da prevención na empresa.
Plans de emerxencia e de evacuación en contornos de traballo.
Elaboración dun plan de emerxencia nunha empresa do sector.
Participación na planificación e na posta en práctica dos plans de prevención.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	As medidas de prevención e de protección	9

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Determináronse as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico en mecanizado.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Definíronse as técnicas e as medidas de prevención e de protección que se deben aplicar para evitar ou diminuír os factores de risco, ou para reducir as súas consecuencias no caso de materializarse.
CA4.2 Analizouse o significado e o alcance da sinalización de seguridade de diversos tipos.
CA4.3 Selecciónáronse os equipamentos de protección individual (EPI) axeitados ás situacións de risco atopadas.
CA4.4 Analizáronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia.
CA4.5 Identificáronse as técnicas de clasificación de persoas feridas en caso de emerxencia, onde existan vítimas de diversa gravidade.
CA4.6 Identificáronse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante danos de diversos tipos, así como a composición e o uso da caixa de urxencias.

4.4.e) Contidos

Contidos
Medidas de prevención e protección individual e colectiva. Medidas de prevención. Medidas de protección colectiva. A sinalización de seguridade(CA4.2). Os equipos de protección individual(CA4.3)
Protocolo de actuación ante unha situación de emerxencia.
Aplicación das técnicas de primeiros auxilios.
Actuación responsable en situacións de emerxencias e primeiros auxilios.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	O traballo en equipo	3

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Participa responsablemente en equipos de traballo eficientes que contribúan á consecución dos obxectivos da organización.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse os equipos de traballo en situacións de traballo relacionadas co perfil de técnico en mecanizado e valoráronse as súas vantaxes sobre o traballo individual.
CA1.2 Determináronse as características do equipo de traballo eficaz fronte ás dos equipos ineficaces.
CA1.3 Adoptáronse responsablemente os papeis asignados para a eficiencia e a eficacia do equipo de traballo.
CA1.4 Empregáronse axeitadamente as técnicas de comunicación no equipo de traballo para recibir e transmitir instrucións e coordinar as tarefas.
CA1.5 Determináronse procedementos para a resolución dos conflitos identificados no seo do equipo de traballo.
CA1.6 Aceptáronse de forma responsable as decisións adoptadas no seo do equipo de traballo.
CA1.7 Analizáronse os obxectivos alcanzados polo equipo de traballo en relación cos obxectivos establecidos, e coa participación responsable e activa dos seus membros.

4.5.e) Contidos

Contidos
Diferenciación entre grupo e equipo de traballo.
Valoración das vantaxes e os inconvenientes do traballo de equipo para a eficacia da organización.
Equipos no sector de mecanizado industrial segundo as funcións que desempeñen.
Dinámicas de grupo.
Equipos de traballo eficaces e eficientes.
Participación no equipo de traballo: desempeño de papeis, comunicación e responsabilidade.
Conflito: características, tipos, causas e etapas.
Técnicas para a resolución ou a superación do conflito.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	A relación laboral e o contrato de traballo	10

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícanse o ámbito de aplicación, as fontes e os principios de aplicación do dereito do traballo.
CA2.2 Distingúense os principais organismos que interveñen nas relacións laborais.
CA2.3 Identifícanse os elementos esenciais dun contrato de traballo.
CA2.4 Analízanse as principais modalidades de contratación e identifícanse as medidas de fomento da contratación para determinados colectivos.
CA2.5 Valoráronse os dereitos e as obrigas que se recollen na normativa laboral.
CA2.7 Valoráronse as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres.
CA2.12 Identifícanse as características definitorias dos novos contornos de organización do traballo.

4.6.e) Contidos

Contidos
Dereito do traballo.
<i>Valoración das medidas vixentes para a conciliación da vida laboral e familiar e para igualdade entre homes e mulleres(CA2.7).</i>
Novos contornos de organización do traballo.
Organismos públicos (administrativos e xudiciais) que interveñen nas relacións laborais.
Análise da relación laboral individual.
<i>Os elementos esenciais dun contrato de traballo(CA2.3).</i>
Dereitos e deberes derivados da relación laboral.
Modalidades de contrato de traballo e medidas de fomento da contratación.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	As principais condicións de traballo: o tempo de traballo e a súa retribución	10

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.6 Determináronse as condicións de traballo pactadas no convenio colectivo aplicable ou, en ausencia deste, as condicións habituais no sector profesional relacionado co título de técnico en mecanizado.
CA2.6.1 Determináronse as principais condicións de traballo (clasificación profesional, xornada, salario, permisos, reducións, etc.).
CA2.7 Valoráronse as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres.
CA2.8 Analizouse o recibo de salarios e identificáronse os principais elementos que o integran.

4.7.e) Contidos

Contidos
<p>Valoración das medidas vixentes para a conciliación da vida laboral e familiar e para igualdade entre homes e mulleres(CA2.7).</p> <p>Análise das principais condicións de traballo: clasificación e promoción profesional, tempo de traballo, retribución, etc.</p> <p>Tempo de traballo e descansos.</p> <p>Retribucións salariais e non salariais.</p>

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	A representación dos traballadores e a negociación colectiva	10

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.6 Determináronse as condicións de traballo pactadas no convenio colectivo aplicable ou, en ausencia deste, as condicións habituais no sector profesional relacionado co título de técnico en mecanizado.
CA2.6.2 Determináronse as condicións de traballo máis habituais dun convenio colectivo do sector.
CA2.7 Valoráronse as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres.
CA2.10 Identificáronse os órganos de representación das persoas traballadoras na empresa.
CA2.11 Analizáronse os conflitos colectivos na empresa e os procedementos de solución.

4.8.e) Contidos

Contidos
<p>Valoración das medidas vixentes para a conciliación da vida laboral e familiar e para igualdade entre homes e mulleres(CA2.7).</p> <p>Sindicatos de traballadores e asociacións empresariais.</p> <p>Representación das persoas traballadoras na empresa.</p> <p>Delegados de persoal.</p> <p>O comité de empresa.</p> <p>O dereito de reunión.</p> <p>Conflitos colectivos.</p> <p>A folga.</p> <p>O peche patronal.</p> <p>Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito profesional da titulación de técnico en mecanizado.</p>

4.9.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
9	A modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo	15

4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.7 Valoráronse as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres.
CA2.9 Identificáronse as causas e os efectos da modificación, a suspensión e a extinción da relación laboral.

4.9.e) Contidos

Contidos
<p>Valoración das medidas vixentes para a conciliación da vida laboral e familiar e para igualdade entre homes e mulleres(CA2.7).</p> <p>Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo.</p> <p>A modificación da relación laboral.</p> <p>A suspensión do contrato de traballo.</p> <p>A extinción do contrato de traballo.</p> <p>O finiquito.</p>

4.10.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
10	A Seguridade Social	16

4.10.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Determina a acción protectora do sistema da Seguridade Social ante as continxencias cubertas, e identifica as clases de prestacións.	SI

4.10.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Valorouse o papel da Seguridade Social como pilar esencial do estado social e para a mellora da calidade de vida da cidadanía.
CA3.2 Delimitouse o funcionamento e a estrutura do sistema da Seguridade Social.
CA3.3 Identificáronse, nun suposto sinxelo, as bases de cotización dunha persoa traballadora e as cotas correspondentes a ela e á empresa.
CA3.4 Determináronse as principais prestacións contributivas da Seguridade Social, os seus requisitos e a súa duración, e realizouse o cálculo da súa contía nalgúns supostos prácticos.
CA3.5 Determináronse as posibles situacións legais de desemprego en supostos prácticos sinxelos, e realizouse o cálculo da duración e da contía dunha prestación por desemprego de nivel contributivo básico.
CA3.6 Diferenciáronse as prestacións contributivas das non contributivas e valoráronse as principais prestacións non contributivas.

4.10.e) Contidos

Contidos
Estrutura do sistema de Seguridade Social.
A Seguridade Social como pilar do estado social.
Determinación das principais obrigas das persoas empresarias e das traballadoras en materia de seguridade social.
Protección por desemprego.
Prestacións contributivas da Seguridade Social.
Valoración das principais prestacións non contributivas.

4.11.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
11	A procura de emprego	10

4.11.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Planifica o seu itinerario profesional seleccionando alternativas de formación e oportunidades de emprego ao longo da vida.	SI

4.11.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Valoráronse as propias aspiracións, motivacións, actitudes e capacidades que permitan a toma de decisións profesionais.
CA4.2 Tomouse conciencia da importancia da formación permanente como factor clave para a empregabilidade e a adaptación ás esixencias do proceso produtivo.
CA4.3 Valoráronse as oportunidades de formación e emprego noutros estados da Unión Europea.
CA4.4 Valorouse o principio de non-discriminación e de igualdade de oportunidades no acceso ao emprego e nas condicións de traballo.
CA4.5 Deseñáronse os itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional de técnico en mecanizado.
CA4.6 Determináronse as competencias e as capacidades requiridas para a actividade profesional relacionada co perfil do título, e seleccionouse a formación precisa para as mellorar e permitir unha axeitada inserción laboral.
CA4.7 Identificáronse as principais fontes de emprego e de inserción laboral para as persoas coa titulación de técnico en mecanizado.
CA4.8 Empregáronse adecuadamente as técnicas e os instrumentos de procura de emprego.
CA4.9 Prevíronse as alternativas de autoemprego nos sectores profesionais relacionados co título.

4.11.e) Contidos

Contidos
Coñecemento dos propios intereses e das propias capacidades formativo-profesionais.
Importancia da formación permanente para a traxectoria laboral e profesional das persoas coa titulación de técnico en mecanizado.
Oportunidades de aprendizaxe e emprego en Europa.
Itinerarios formativos relacionados coa titulación de técnico en mecanizado.
Definición e análise do sector profesional do título de técnico en mecanizado.
Proceso de toma de decisións.
Proceso de procura de emprego no sector de actividade.
Técnicas e instrumentos de procura de emprego.
Valoración do principio de non-discriminación e de igualdade de oportunidades no acceso ao emprego e nas condicións de traballo(CA4.4).

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

A avaliación permite valorar en qué medida se acadaron os resultados da aprendizaxe propostos, e, en consecuencia, medir en qué grao se adquiriron as competencias.

A avaliación realízase ao longo de todo o proceso formativo do alumnado, polo que ten un carácter continuo. Por este motivo, cumprirá a asistencia do alumnado ás actividades programadas.

O número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua será do 10 % respecto da súa duración total. Para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno na xustificación desas faltas, cuxa aceptación será acorde co establecido no correspondente regulamento de réxime interior do centro.

En cada unha das unidades didácticas figuran aqueles criterios de avaliación que son considerados mínimos exigibles, considerándose que o alumno/a debe acadalos para ter un rendemento normal, este indicador de mínimos adaptárase ás circunstancias persoais e sociais de cada un dos alumnos.

En todo caso a cualificación de cada resultado de aprendizaxe virá dada polas puntuacións obtidas utilizando para elo os instrumentos de avaliación correspondentes que se sinalan en cada criterio de avaliación. Considerarase que o alumno superou o resultado se obtén unha puntuación mínima total de 5 sobre 10 puntos. O profesor pode decidir agrupar varios resultados de aprendizaxe e unir os RA asociados a prevención de riscos laborais e os RA asociados a dereito do traballo e da seguridade social para avalialos.

O alumno superará o módulo sempre e cando alcance o mínimo exigible en todos e cada un dos resultados de aprendizaxe. Cando un alumno/a tivera superados os resultados de aprendizaxe correspondentes a calquera das dúas unidades formativas que compoñen o módulo, pero na avaliación final non superara o módulo e o alumno fora promovido ao curso seguinte, poderánselle considerar como superados, e a efectos de cálculo da nota final do módulo para o curso seguinte, adxudicaráse a puntuación de cinco nesa parte. A estes efectos considerase que os catro resultados de aprendizaxe da unidade formativa de prevención de riscos laborais, constitúen un único resultado e os restantes resultados de aprendizaxe da unidade formativa de equipos, dereito e seguridade social e procura de emprego outro.

Os instrumentos de avaliación empregados para valorar os resultados de aprendizaxe na unidade formativa relativa a equipos, dereito e seguridade social e procura de emprego son:

- Probas escritas (poden conter preguntas cortas e exercicios sinxelos para solucionar, preguntas tipo test e preguntas verdadeiro/falso).
- Lista de cotexo (poden ser actividades ou casos prácticos a resolver de forma individual ou por parellas ou equipos de traballo).
- Táboa de observación (valorarase a asistencia, puntualidade, comportamento, participación activa e responsable, o traballo en equipo e a motivación amosada polo alumno)

A cualificación obtida será a resultante da suma de cada nota parcial do alumno, de xeito que puntuándose as probas escritas sobre 8, os alumnos poderán sumar ata dous puntos máis: un pola avaliación positiva do profesor na realización e entrega das actividades e traballos esixidos na clase e o outro pola avaliación positiva da asistencia e actitude dos alumnos ao longo do curso. Iso si, é necesario obter nas probas escritas unha nota mínima de 4/8 puntos para que sumen os outros instrumentos de avaliación e un 5 sobre 10 para ter aprobada a avaliación. Se isto último non se cumpre, a nota de cualificación máxima do módulo neste caso será de 4 puntos. Os alumnos que non acaden unha nota de cinco puntos na avaliación, poderán realizar probas de recuperación ben se o profesor decide realizalas despois de cada trimestre ou ben unha proba final, neste caso, a nota máxima das probas de recuperación será de cinco puntos. En todo o caso o alumno igualmente deberá acadar coa suma dos tres instrumentos de avaliación unha nota mínima de 5 puntos en total para considerar recuperada dita avaliación.

Os instrumentos de avaliación empregados para valorar os resultados de aprendizaxe na unidade formativa relativa a prevención de riscos laborais son:

- Proba escrita: 7/10
- Lista de cotexo: 3/10 (Plan de prevención de Riscos laborais, no que se avaliará de 0 a 1 a presentación, a conveniencia e adecuación na

identificación e avaliación dos distintos tipos de riscos e das medidas propostas para a súa prevención e a protección dos traballadores e a congruencia do traballo en xeral así coma a de dedicación e esforzo do alumno na aula).

A cualificación, será numérica, entre un e dez, sen decimais. En todos os casos nas actas de avaliación parciais ou na final, a puntuación redondearase por exceso (se o decimal é superior a 0,5) ou por defecto (se o decimal é igual ou inferior a 0,5). Consideraranse positivas as puntuacións iguais ou superiores a cinco puntos.

A cualificación final do módulo superado en avaliacións parciais calcularase como a nota media das diferentes notas parciais obtidas nas avaliacións parciais.

En caso de que un alumno copie nun exame automaticamente será expulsado do mesmo cunha nota de 0, nota que fará media co resto de notas da avaliación

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Os alumnos que non superaran algún resultado de aprendizaxe poderán realizar as oportunas probas de recuperación en cada trimestre nas mesmas datas que o grupo correspondente.

Considerarase que o alumno supera o resultado de aprendizaxe se na citada proba obtén unha puntuación mínima de 5 puntos. En todo caso o alumno nos meses de marzo e xuño poderán realizar unha proba final.

O profesor tamén pode establecer a realización de actividades de recuperación que consisten en actividades adicionais para os alumnos que non superen algunha das sesións de avaliación que se programan ao longo do curso e para aqueles alumnos que promocionaron ao curso seguinte e non poden asistir a clase.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Aqueles alumnos que teñan perda do dereito a avaliación continua deberán realizar no mes de xuño unha proba final e o alumno deberá ter unha puntuación mínima de 5 en todos en cada un dos resultados de aprendizaxe do módulo. A estes efectos considerase que os catro resultados de aprendizaxe da unidade formativa de prevención de riscos laborais, constitúen un único resultado.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Comprende a avaliación da propia programación que é susceptible de adaptacións sempre que as circunstancias o requiran e da actuación do profesor. Implica por parte do profesor un proceso de reflexión para valorar, en función dos logros alcanzados, a idoneidade da súa programación e o seu sistema de ensinanza, co fin de introducir medidas de mellora no proceso.

Cando finalice cada unidade didáctica o profesor recollerá nun arquivo as modificacións ou observacións da adecuación entre o planificado e o realmente levado a cabo (tipo de actividade ensino-aprendizaxe, tempo,...).

Trimestralmente analizarase o desenvolvemento da programación en relación aos resultados obtidos por los alumnos.

Ao finalizar, no mes de xuño farase unha memoria final do desenvolvemento da programación, na que consten as posibles modificación para o seguinte curso.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Nas primeiras semanas do curso farase un seguimento dos alumnos, tomando as anotacións correspondentes sobre o seu nivel académico previo, o seu dominio das TICs e as motivacións para estudar este ciclo formativo. Posteriormente na primeira reunión do equipo docente farase unha posta en común, na acta da citada reunión constará dita avaliación inicial.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

No suposto de que algún alumno/a non responda globalmente, reunirase o equipo docente do ciclo formativo e de forma coordinada adoptaranse as medidas oportunas.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Ao longo do curso neste módulo atenderase, polos seus propios contidos, ao desenvolvemento de aspectos relacionados coa non discriminación laboral, en especial por razón de raza ou xénero, e igualmente diversos aspectos relacionados coa conciliación da vida laboral e familiar.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

O departamento de FOL organiza unha Xornada de Primeiros Auxilios como actividade complementaria para completar os contidos que se tratan na U.D. 4 do módulo a desenvolver no terceiro trimestre, coincidindo co desenvolvemento do bloque temático de prevención de riscos laborais. Tamén se fará en conxunto co Departamento de Administrativo unha xornada de Orientación e búsqueda de emprego impartida pola empresa Galejobs, en principio está pensada para a primeira quincena de febreiro

10. Outros apartados

10.1) TEMPORALIZACIÓN DAS UF

A unidade formativa de prevención de riscos laborais impartirase despois da outra unidade formativa que compón este módulo. Unha das razóns é o calendario da actividade complementaria de Primeiros Auxilios da unidade formativa de Prevención de Riscos Laborais, que está fixada para o terceiro trimestre